 8. Pedimos los que tienen lados rectos que no sean triángulos, que no sean azules y no sean grandes.

Vamos subiendo la dificultad dependiendo del grupo-clase.

- En la pizarra digital proyectamos distintas figuras, contamos los lados, los vértices y los ángulos, y vemos a qué cosas reales se asemejan (el

rectángulo a la pantalla de un televisor, el círculo a la base de un vaso o a una galleta...). Luego, buscamos objetos del aula que tengan la forma que les pedimos. Jugamos también a que nos traigan objetos dándoles consignas negativas: *Coge un objeto que no sea cuadrado*.

- Haremos series con distintos objetos en las que aumentaremos poco a poco la dificultad añadiendo elementos o propiedades (grande, pequeño, liso, rugoso, rojo, verde...).

Series de 2 elementos:



Series de 3 elementos:



- Pediremos que hagan un retrato de sí mismos utilizando las figuras aprendidas.
- Para trabajar el concepto de círculo y circunferencia, elegiremos varios objetos (cuerdas, aros, círculos de los bloques lógicos o puzles circulares) y les haremos diferenciar uno de otro.
- Pueden dibujar varias figuras en la pizarra y señalar de un color los lados, de otro los vértices y de otro los ángulos, aclarando si se trata de triángulos, cuadriláteros o de ninguno de los dos.

Cuando hayamos visto en clase las figuras geométricas con volumen, podremos asemejarlas a objetos del aula y ver cómo podríamos representarlas en un dibujo, sustituyendo esas figuras con volumen (reales) por figuras planas (dibujos). También podremos pedirles que busquen una esfera, una pirámide, un cubo..., e intentar hacerles ver en qué parte del objeto se encuentra la figura plana correspondiente.

- **Figuras geométricas con volumen.** Presentaremos al alumnado las figuras geométricas con volumen: prisma (y, como caso particular, el cubo), pirámide, esfera, cono y cilindro (de madera, de plástico o de papel), y observaremos sus características de manera visual y táctil.
 - Entregaremos algunos de estos cuerpos geométricos tridimensionales y pediremos que coloquen a un lado los cuerpos con alguna superficie curva y, a otro, los cuerpos formados solo por superficies planas.
 - Mostraremos distintos carteles con dibujos de cuerpos geométricos y les pediremos que seleccionen el cuerpo indicado en cada ocasión siguiendo un orden propuesto:
 1. Figuras con dos bases poligonales: prisma o cubo.
 2. Figuras con una sola base poligonal: pirámide.
 3. Figuras con superficies curvas: esfera, cono o cilindro.

- El alumnado deberá encontrar en el aula objetos con la forma que se le indique y, a continuación, reflexionar sobre qué cosas, fuera del aula, poseen esas formas trabajadas.
- Modelarán figuras geométricas tridimensionales con plastilina para su discriminación. Se puede realizar también con plantillas de papel.
- Realizarán un dibujo utilizando las figuras (planas y con volumen) que conozcan.
- En una bolsa podemos incluir algunos cuerpos geométricos. Con los ojos cerrados y palpándolas, deberán adivinar qué cuerpo es.
- Mezclando figuras planas y tridimensionales, jugarán a buscar el que sobra. Pondremos en una fila dos o tres figuras planas y una tridimensional, o viceversa. Deberán decir la que sobra y por qué.
- **Simetría.** Explicaremos al alumnado el concepto de simetría y cómo detectar ejes de simetría de un objeto. Para ello, se pueden realizar algunas actividades:
 - Primero, pedimos que busquen el eje de simetría de su cara, de su cuerpo, de partes del cuerpo... y, luego, les decimos que lo busquen en objetos cercanos (goma, estuche, libro...).
 - Doblando papel podemos cortarlo solo por un lado; al abrirlo, vemos que tenemos dos partes iguales. En un primer momento lo haremos de manera libre y luego siguiendo un patrón dibujado (corazón, árbol de Navidad...).



- Doblando papel es fácil hacer figuras sin ninguna guía, intentando formar un objeto conocido.



- Doblamos un papel, con pintura coloreamos solo una mitad y después ponemos las dos mitades en contacto para que la otra mitad se manche. De esa forma obtendremos en la hoja un dibujo simétrico.



Juegos

- **Geoplano.** Juego utilizado para formar las figuras geométricas planas. Existen diferentes versiones: desde papel (para lo que podremos aprovechar el geoplano proporcionado en el material manipulativo), o bien su versión más real, que consiste en un tablero con chinchetas equidistantes. En este último caso, el alumnado deberá utilizar gomas elásticas o lana para poder formar las figuras. De igual forma, se pueden compartir puntos o superponer formas. En un primer momento, con los geoplanos sobre la mesa y tras la explicación del docente sobre su utilización, el alumnado podrá experimentar cuáles son las posibilidades de acción que tiene en pequeños grupos. Posteriormente, la actividad será más guiada, proponiendo retos que el alumnado deberá intentar lograr. A continuación, esta actividad podrá realizarse de manera guiada o libre. Ejemplos: *¿Cuántos triángulos diferentes podéis hacer?*; *¿Quién ha conseguido encontrar más cuadrados?*; *¿Cuántos ángulos tiene la figura que has construido?*...
- **Dominó de figuras geométricas.** Elaboraremos un dominó sustituyendo los puntos de numeración por figuras geométricas para que puedan utilizarlo siguiendo las reglas del dominó tradicional.

Tratamiento de la información

Actividades colectivas

Para trabajar el tratamiento de la información, debemos ofrecer diversas y distintas situaciones orales con el fin de detectar y extraer las ideas y los datos más importantes para transcribirlos e interpretarlos. Proponemos trabajar las siguientes actividades:


- Preguntamos la película preferida de cada estudiante, vamos anotando e interpretamos las informaciones.

- Hacemos unas elecciones en el aula. Elegimos al azar a dos alumnos o alumnas que deberán defender una idea o un juego; luego, el resto de la clase debe votar a quien más le haya convencido; una vez votado, tenemos que ver quién cuenta con más votos e intentamos saber por qué ha sido más votado y no el contrario.
- Vemos las alturas de 10 estudiantes y hacemos una tabla para saber qué medidas se repiten más, cuál es la más baja, la más alta...
- Dibujamos una tabla en la pizarra y les pedimos que inventen preguntas a partir de ella. También podemos pedirles que expresen la información en un gráfico de barras (o viceversa).

	CARNE	PESCADO	FRUTA
ANA	4	4	8
LUIS	3	6	9
SARA	5	7	10

Juegos

- **Regletas.** Si disponemos de regletas, podemos utilizarlas como barras para interpretar y representar una información. Cada regleta corresponde a un número y apreciarán bien la diferencia entre unas y otras. Este juego se hará en pequeños grupos, a no ser que dispongamos de unas regletas grandes que pueda ver todo el alumnado. A modo de ejemplo, podemos mostrarles la siguiente disposición:



Haremos preguntas del tipo:

- ¿Cuántos libros ha leído Pepe?, ¿y Pablo?
- ¿Quién ha leído más libros?
- ¿Cuántos libros han leído entre todos?

- **Juego de los barcos.** Podemos jugar a este conocido juego en parejas, en pequeños grupos o en el grupo de clase haciendo dos equipos. Así, el alumnado practicará no solo las coordenadas cartesianas, sino también cómo moverse en un plano.

Todos os bloques do currículo de Lingua están presentes en Cinco en raia desde o principio.

A continuación ofrecemos as suxestións da área de Lingua con propostas de actividades colectivas diferentes ás de Lingua Castelá. Porén, todas as propostas se poderían empregar indistintamente tanto en Lingua Castelá coma en Lingua.

Comunicación oral

En 2.º de Primaria, o alumnado ten que desenvolver, sobre todo, as habilidades para saber falar e saber escoitar. Non se trata tanto de que planifiquen con detalle os discursos orais ou de que aprendan a distinguir diferentes tipos de discurso –competencias en que se vai afondar en 3.º curso–, senón de que comprendan plenamente as mensaxes orais, saiban elaboralas e teñan unha actitude de escoita axeitada.

Para reforzar esta actitude de escoita correcta é importante transmitirlles algunhas normas básicas que seguramente xa teñen en conta desde o comezo na Educación Primaria. Estas normas son sinxelas: **prestar atención, respectar as quendas de palabra, non interromper os demais cando falen, intentar entender o que di a persoa que fala e demostrar, coa actitude corporal e xestual, que se está escoitando.**

En canto a saber falar, hai aspectos que neste curso aínda teñen que reforzar, como o volume e a expresividade. Así mesmo, cómpre ensinalles a evitar un discurso atropelado ou con pausas excesivas, a expresarse con sinxeleza e claridade, a corrixir retrousos, etc.

Cando se traballe a comunicación oral na clase, é importante que o docente aproveite a ocasión para darlles indicacións prosódicas e de comunicación non verbal aos nenos e ás nenas: que utilicen un volume adecuado, que coiden a entoación e a pronuncia, que se expresen tamén cos xestos e coiden a postura, etc.

En relación con todos estes aspectos, pódese propoñer ao alumnado que se autoavalíe ou que avalíe os compañeiros e as compañeiras, por exemplo despois de faceren unha exposición oral. Este traballo de avaliación sempre é interesante para

que os estudantes aprendan a xestionar a aprendizaxe propia con autonomía. Pódense avaliar aspectos coma os seguintes:

- Se falou moi alto ou demasiado baixo.
- Se a entoación é apropiada para o que está contando.
- Se pronunciou ben as palabras e se entendeu o que dixo.
- Se ten unha postura axeitada.

O material da aula de Lingua tamén serve para que os alumnos desenvolvan as súas habilidades de comunicación oral a través dos xogos *Tempo fóra!* e *Palabras prohibidas*, materiais que permiten realizar diversas actividades lúdicas en que se utiliza esencialmente á expresión oral.

Actividades colectivas

É importante realizar na clase actividades e xogos de comunicación oral que impliquen a dous ou a máis alumnos, porque se trata dun acto de comunicación bidireccional en que, ademais, os roles de falante e oínte se intercambian constantemente. A realización de exercicios que impliquen a varios alumnos e alumnas permite traballar cuestións que non sería posible abordar con un só, como a interacción, a habilidade á hora de cambiar de emisor a receptor, a aprendizaxe da escoita atenta, o respecto polas quendas de palabra... A continuación ofrécense actividades e xogos que se poden realizar en grupo.

- **Memoria auditiva.** O profesor ou a profesora dirá en voz alta grupos de cinco palabras e pediralles ás nenas e aos nenos que repitan as que lembren. As palabras poden pertencer a un campo léxico (por exemplo, o colexio); a unha categoría determinada (por exemplo, substantivos, adxectivos ou verbos relacionados co transporte); ou, incrementando a dificultade, poden non ter nada en común. Algúns exemplos de grupos de palabras son os seguintes:

amarelo verde branco vermello violeta	froitaría panadaría peixaría quiosco carnizaría	tren elefante bambán bisté alta	caderno escribir lapis encerado goma	caracol limón flor edificio película
---	---	---	--	--

- **Palabras inventadas.** Para incentivar a creatividade dos alumnos e das alumnas, ademais da práctica da expresión oral, pódese escribir no encerado unha serie de palabras inventadas e pedirilles que propoñan un significado para cada unha. Estas palabras deben ter similitude

fonética con outras xa existentes, ou ben estar construídas con prefixos ou sufixos de significado deducible, unidos a lexemas inventados ou cun carácter coloquial. Por exemplo:

- divercansado – antiaburrido – ensaladonia – animalabra
- descubradiviñas – paranéboa – favoraría – divertirizar

- **Debuxo descritivo.** O obxectivo desta actividade é que os nenos e as nenas traballen a comprensión oral mediante a transferencia dunha información lingüística de carácter oral a outra linguaxe, neste caso plástica.

Primeiro cómpre facer unha descrición en voz alta dun lugar para que vaian debuxándoo simultaneamente. Despois compararán os debuxos que fixeron e pódeseles pedir que opinen sobre as semellanzas e as diferenzas entre uns e outros.

A descrición non ten que incluír moitos elementos e debe estar organizada claramente. A continuación, ofrécese un exemplo de descrición dun cuarto.

Na parede da esquerda hai unha ventá e debaixo dela está a cama. Na dereita hai un estante con libros e unha mesa cunha cadeira. Na parede do medio hai colgado un cadro cunha paisaxe de montaña e, debaixo del, atópase a mesiña de noite, ao lado da cama.

- **Comparar obxectos.** Co fin de comprobar a capacidade dos nenos e das nenas para expresaren oralmente os detalles dos elementos que observan, pódenselles presentar, de xeito real ou en fotografías, dous obxectos parecidos ou que teñan unha función similar e pedirles que digan semellanzas e diferenzas entre os dous. A actividade pódese realizar coas parellas de obxectos seguintes, entre outras:

- Unha botella e un vaso con auga.
- Un libro e un caderno.
- Unha árbore no campo e unha planta nun testo.
- Un xornal e unha revista.
- Unha pelota de tenis e un balón de fútbol.
- Un xersei e unha camisa.
- Unha maleta de viaxe e unha mochila.
- Unha bicicleta e unha moto.

- **Adiviña o son.** Reprodúcese na aula un son que lle poida resultar familiar ao conxunto do alumnado, e a primeira persoa que o recoñeza erguerá a man e dirá a quen corresponde. A continuación, pódeseles pedir que o describan (*Como é? Forte, frouxo, longo, curto, agudo, grave, agradable, desagradable...?*) e que imaxinen un contorno para o son (*Onde cres que podería soar? Na rúa, na casa, nun parque, nunha raia...?*).

Os sons pódense obter de Internet: por exemplo, na web do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e Formación do Profesorado (<http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>) pode atopar un banco de sons completo.

Algúns sons que se poden utilizar para realizar este xogo (e que están dispoñibles na URL citada) son:

- A sirena dunha ambulancia.
- Nenos e nenas xogando nun parque.
- O timbre dunha bicicleta.
- As ondas que rompen na beira do mar.
- Diversas voces de animais.
- O tictac dun reloxo.

- **A letra prohibida.** Escríbese no encerado unha letra do alfabeto e pídeselle á clase que forme unha roda e vaia dicindo por quendas palabras dun tema determinado que non conteñan esa letra. O que se equivoque ou non diga ningunha palabra será eliminado. O gañador será o último neno ou nena que quede na roda.

Dependendo do nivel do alumnado, o xogo pode variar de xeito que a letra non sexa prohibida, senón esixida: cumprirá dicir palabras dun tema concreto que conteñan a letra que propoña.

- **A chamada telefónica.** Divídese a clase por parellas e ofrécenselle a cada unha roles de personaxes que poderían manter unha conversa telefónica e situacións que poderían producirse nese contexto. Por exemplo:
 - Un rapaz ou unha rapaza telefona a un familiar para felicitalo polo aniversario.
 - Unha muller telefona aos bombeiros para informar que caeu unha póla dunha árbore na súa rúa e que é perigoso.
 - Dous amigos falan sobre a excursión ao campo que van facer a fin de semana.
 - Un rapaz ou unha rapaza fala con súa nai ou con seu pai desde a praia, onde pasa as vacacións cos avós.
 - Unha persoa telefona a un taller de bicicletas para preguntar se xa repararon a súa.

Competencia lectora

O segundo curso de Educación Primaria constitúe un período crucial para o desenvolvemento da competencia lectora. Os nenos e as nenas superaron a aprendizaxe da lectoescritura no primeiro curso, e, en xeral, posúen unha velocidade de lectura e unha capacidade de comprensión que lles permite abordar textos cada vez máis longos e complexos. Non obstante, **ler é, en esencia, comprender un texto**, e por iso cómpre continuar reforzando o traballo de competencia lectora e facelo a partir de textos, non de palabras ou de oracións illadas.

Neste curso pódese practicar a lectura na clase de diversas maneiras: en silencio ou en voz alta, individualmente ou de xeito compartido –especialmente nos textos que inclúen diálogos e no texto teatral que se ofrece ao final do libro do alumnado (terceiro trimestre)–, practicando diferentes entoacións ou velocidades, etc. É importante tamén que o docente continúe lendo textos en voz alta, sobre todo se son narrativos, ou contando historias, pois o alumnado continúa considerando a escoita como o mellor xeito de abordar certas lecturas.

A lectura require unha serie de habilidades que os nenos e as nenas van desenvolver durante o curso. Son, na maior parte dos casos, habilidades cognitivas que van adquirir de xeito intuitivo coa práctica, aínda que tamén se poden reforzar con algunhas actividades específicas. Estas habilidades, entre outras, son:

- Recoñecer diferentes tipos de letra, tanto de imprenta coma caligráfica.
- Perfeccionar a memoria a curto prazo, que permite lembrar durante uns segundos o que se acaba de ler para non perder o fío do discurso.
- Anticipar que palabra se está lendo sen necesidade de chegar ata o final.
- Evitar a silabación e incrementar a velocidade de lectura.
- Inferir ideas a partir do que se le.
- Utilizar a experiencia e os coñecementos previos para entender mellor un texto.
- Saber sacar a idea principal dun parágrafo ou dun texto sinxelo.

Actividades colectivas

- **Lectura de fragmentos.** A partir dos contos vistos no libro, o profesor ou a profesora pode ler en voz alta fragmentos de textos narrativos que xa viran na clase e pedirles aos nenos e ás nenas que identifiquen a historia a que pertencen e que contén en cada caso de que trata.
- **Alongar títulos.** Despois de ler os textos, pídalles aos estudantes que alonguen os títulos incorporando algún elemento da historia que lles parece importante ou que sintetice o argumento. Con esta actividade, ademais da comprensión lectora, desenvólvese a capacidade de ampliar oracións engadindo complementos e sintagmas.
- **Proba caligráfica.** Neste curso, os nenos e as nenas teñen que afaerse a identificar as múltiples variantes que unha mesma letra pode presentar: non soamente maiúsculas e minúsculas, que xa discriminaron desde a etapa de Educación Infantil, senón tamén a enorme variedade das fontes máis habituais de letra impresa, así como a letra manuscrita das persoas do seu contorno.

Un xogo que permite desenvolver esta habilidade consiste en facer grupos de alumnos (entre cinco e sete) e pedirles que escriban nun papel unha mesma oración, non moi longa, que haberá que escribir previamente no encerado (por exemplo, Quero xogar ao xadrez ou Xurxo ten un álbum de cromos). Unha vez escrita, dobrarán os papeis e meteráns todos nunha bolsa. Despois, a bolsa pasará a outro grupo (así evítase que un grupo poida coller un papel que escribiu algún dos seus membros). Finalmente, sacarán os papeis da bolsa e abríranos todos á vez. O primeiro que recoñeza a letra doutro, gaña.

Ademais das anteriores, neste nivel resultan especialmente interesantes as actividades enfocadas a mellorar a velocidade lectora. Algunhas propostas deste tipo son as seguintes:

- **Localizar palabras.** Para que os nenos e as nenas aumenten a velocidade lectora, cómpre que aprendan a ler a palabra en conxunto. Para axudalos a desenvolver esta capacidade, propia da lectura fluída, pode animalos a identificar rapidamente unha palabra nunha serie coma a que se ofrece a continuación.

casa	caza	cara	cada	capa	cama
------	------	------	------	------	------

Convén que as palabras incluídas nestas series teñan unha forma e un tamaño semellante, para conseguir que a actividade non sexa moi doada e que cumpra prestar atención.

- **Detectar cambios nun texto.** Para mellorar a velocidade lectora, os alumnos poden comparar dous textos breves (dunhas trinta palabras aproximadamente) en que se cambiase un número determinado de

palabras (entre tres e cinco), que deben localizar. Deberán facelo da maneira máis rápida posible, competindo en parellas ou fixando un tempo máximo de lectura; así veranse obrigados a acudir a unha lectura rápida pero atenta. Por exemplo:

No outono sempre vou de excursión ao monte coa familia. Gústame moito ver as cores douradas das árbores, escoitar os paxaros e respirar aire puro.

Na *primavera* sempre vou de excursión ao monte cos *amigos*. Gústame moito *contemplan* as cores *verdes* das árbores, escoitar os *pardais* e respirar aire puro.

- **Ler un texto ao que lle falta unha letra.** Como exercicio práctico, pódese propoñer a lectura de textos en que se omitan unha ou varias letras substituíndoas por un símbolo (por exemplo, un asterisco [*]) e pedirlle ao alumnado que os lea unha vez en voz baixa e outra en voz alta. O número de letras para substituír e a extensión debe decidirse en función da capacidade dos alumnos.

Para que poidan realizar a actividade, convén que se empece substituíndo unha soa letra en todo o texto. No seguinte texto, por exemplo, substituíuse a vogal a por un asterisco en todas as ocasións en que debería aparecer:

*l*d*r* estivo est*t*rde no cine. Foi co*n*i e co*sú*tí*. Viron un*h* películ* de debuxos *nim*dos moi gr*cios*. Títul*se O g*to d*s estrel*s. Seic* er* un*h* estre*. Eu non coñezo est* películ*. Ti oíches f*l*r del*?

Ao longo do curso, pódese incrementar a dificultade da actividade suprimindo algunha letra máis.

Vocabulario

O vocabulario, como xa se sabe, **non se amplía memorizando palabras illadas, senón en contacto coa realidade**. O alumnado de 2.º de Educación Primaria, ademais, aínda non está preparado para facer un uso intensivo do dicionario, polo que a aprendizaxe terá que ser sobre todo contextual. Por outra parte, calquera situación é boa para ampliar o vocabulario. De feito, trátase dunha aprendizaxe que non se reduce á clase de Lingua, senón que se adquire en calquera das outras materias curriculares. Con todo, na clase de Lingua, os nenos e as nenas poden aproveitar a lectura dos textos narrativos, informativos e poéticos para aprender palabras novas e,

además, para asimilar certos mecanismos léxicos que serven para relacionar palabras, como a sinonimia, a antonimia, a derivación –diminutivos, aumentativos, familias de palabras– e a composición.

Actividades colectivas

- **Dicir palabras de significado contrario.** A partir dos textos que aparecen nas seccións de competencia lectora –narrativos, poéticos e informativos–, pódense seleccionar palabras que teñan antónimos claros e pedirles aos estudantes que os escriban. Despois comprobárase se atoparon un antónimo correcto e cantos antónimos diferentes propuxeron na clase para unha soa palabra.
- **Formar campos léxicos.** Divídese a clase en grupos e asígnaselle un tema a cada un. Teñen que escribir o máximo número de palabras posible sobre o tema que lles correspondeu. Por exemplo:
 - Nomes de flores: *margarida, xeranio, rosa, caravel, papoula, azuena...*
 - Nomes de obxectos escolares: *lapis, bolígrafo, rotulador, goma, grampadora...*
 - Nomes de electrodomésticos: *neveira, lavadora, lavalouza, microondas, batedor...*

Gramática

Nos primeiros cursos de Primaria a aprendizaxe da gramática ten que ser, sobre todo, **aplicada**. Non é importante coñecer a teoría morfolóxica e sintáctica senón, por simple competencia lingüística, poñela en práctica.

Saber distinguir entre suxeito e predicado ou entre sílaba átona e tónica, recoñecer diferentes clases de substantivos ou de oracións segundo a modalidade ou ser conscientes da importancia dos verbos e da función que teñen para expresar accións en diversos eixes temporais vaille permitir ao alumnado perfeccionar os coñecementos lingüísticos que aprenderon sen esforzo xunto coa capacidade de falar.

Actividades colectivas

- **Converter enunciados en oracións.** Pódese escribir no encerado un enunciado incompleto, por exemplo, *O libro é,* e preguntarlle á clase se cre que ten sentido ou se falta algo. A continuación, engádese unha palabra (*O libro é de*) e repítese a pregunta. Finalmente, complétase o enunciado (*O libro é de Alberte*). Despois, pódese pre-

guntar se agora o grupo de palabras ten sentido. Ao facelo unha vez, pódeseles pedir que formen oracións a partir dun suxeito e do seu complemento.

- **Contar sílabas.** Pódense aproveitar os textos de competencia lectora para extraer un parágrafo non moi longo e pedirles aos nenos e ás nenas que conten as palabras que o forman e que as clasifiquen en monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas, ou ben segundo en que sílaba recaía o acento de intensidade.
- **Recoñecer o xénero dos substantivos.** Despois da lectura dalgún dos contos do libro, pódense trazar dúas columnas no encerado encabezadas polas palabras *Substantivos masculinos* e *Substantivos femininos*. Despois, pódeseles aos nenos e ás nenas que saian ao encerado e que escriban, no lugar que corresponda, os substantivos que o profesor ou a profesora lles vaia dicindo, extraídos do texto. En caso de que dubiden, pódeseles axudar formulando preguntas como: *Como se di, «o can» ou «a can»?* Tamén se lles pode pedir que cambien o xénero dos substantivos anotados nas columnas cando sexa posible.
- **Atribuír calidades e adiviñar estados de ánimo.** Sinálanse algúns obxectos que haxa na aula para que os alumnos e as alumnas lles atribúan unha calidade. Por exemplo: *O encerado é... negro*. Tamén se poden representar estados de ánimo por medio da mímica (tristeza, alegría, aburrimiento, cansazo) e pedirles que identifiquen o adxectivo correspondente.
- **Representar con sinais.** O profesor ou a profesora representa unha actividade mediante xestos (escribir, correr, cantar, bailar, ler, durmir, tocar un instrumento...) e a clase ten que adiviñar que é o que fai e dicir o verbo correspondente en infinitivo ou nunha forma de presente. Para iso, pódeseles pedir que respondan a pregunta *Que fai?*

Ortografía

En 2.º de Educación Primaria, os nenos e as nenas teñen que **consolidar o que xa asimilaron sobre a ortografía natural** durante a aprendizaxe da lectoescritura e, ao mesmo tempo, ir **poñendo o foco de atención sobre algunhas normas ortográficas** sinxelas que lles poden presentar dificultades polo feito de seren arbitrarias.

Actividades colectivas

- **Ditados complementarios.** Propóñense a continuación algúns ditados para seguir asimilando os contidos das grafías que poden presentar máis dificultades ao longo do curso.

Cada mañá (ca, co, cu, que, qui)

Carme e Roque viven no mesmo bloque; el, no cuarto piso e, ela, no quinto. Atópanse cada mañá nas escaleiras e marchan xuntos para o colexio. A miúdo botan unha carreira deica a marquesiña onde collen o bus. Case sempre empatan. Os dous son uns grandes corredores!

O noso galo (ga, go, gu, gue, gui)

Na casa temos un galo. Gústalle peteiral pola eira. Esta mañá atopou un formigueiro. Pero non tiña gana de comer formigas. De alí a un pouco, deu cun anaco dunha galleta que lle caera a miña irmá Olga. Iso si que lle gustou!

Un pintor especial (za, zo, zu, ce, ci)

Gonzalo empezou a pintar con dez anos. Co seu pincel pinta animais fantásticos. Ten as paredes da casa cheas de cadros. Parece un zoolóxico de animais alucinantes. A min os que máis me gustan son as cebras con raias azuis e os ourizos con gorro e zapatos.

Un percorrido en ruínas (R forte)

Roi e Rita fixeron a ruta das torres e dos castelos que hai no lado esquerdo do barranco dos Reis. O que máis lles gustou do percorrido foi a Torre Redonda. E é que ao resto de torres e castelos non se puideron arrimar porque están en ruínas.

O soño de Mariña (R suave)

Mariña quere ser capitá dun barco. Espera vivir grandes aventuras nun veleiro. O mesmo ca o pirata dun conto que rematou de ler o outro día. Polo de agora, como aínda é pequena, o primeiro que fará será aprender a nadar. Parece unha idea acertada.

O disfrace perfecto (mp e mb)

O meu compañeiro Campio e mais eu fomos comprar un disfrace. Probamos unha chea deles. Primeiro, o de bombeiro. Despois, o de vampiro e tamén o de bailarín de samba. Ao final, non mercamos ningún. Lembramos que na casa hai uns sombreiros de palla e unhas sabas vellás. Con iso faremos un estupendo disfrace de pantofo.

Un bruxo principiante (br e bl)

Breixo era aprendiz de bruxo. Xa sabía certas palabras máxicas. Pero algunha vez non atinaba o conxuro. Daquela podía ocorrer algo pouco agradable. Coma cando transformou a blusa preferida da irmá en fume branco. Nunca máis se soubo dela.

Arqueoloxía e imaxinación (x)

Xoel e Xiana son entusiastas da arqueoloxía. Saben moitas cousas sobre os castros. Organizan excursións moi amenas todas as fins de semana. Aseguran que é unha experiencia moi interesante chegar a un castro e imaxinar como vivían os nosos antepasados hai miles de anos. Ti xa fuches a algún poboado castrexo?

O pallaso (/l/)

Non coñezo outro pallaso coma Cascarilla. Leva unha chaqueta amarela con estrelas vermellas. Ten os ollos pintados de laranxa e unhas enormes cellas negras. O seu pelo é moi brillante. E pola punta dos vellos zapatóns saénlle as dedas

- **Fuga de erres.** Escríbense no encerado palabras co son R forte e R suave, substituindo as grafías que representan eses sons por unha raia. En cada caso, os alumnos deberán descubrir de que palabra se trata. Por exemplo:

– ca_ei_a	– Hen_ique	– co_edo_a	– _inoce_onte
– ho_o_oso	– en_eda_	– _oma_ía	– pe_co_e_

Escritura

Dominar a escritura é un dos principais obxectivos que o alumnado debe alcanzar na Educación Primaria. En 1.º, os nenos e as nenas comezan a escribir poñendo en práctica o que aprenderon sobre a correspondencia entre sons e letras e tamén facendo exercicios de grafomotricidade. Pero é a partir de 2.º de Primaria cando poden facer un mellor uso desta habilidade adquirida enfrontándose a un reto que é dobre: mellorar na representación gráfica dos fonemas mediante exercicios de caligrafía e da aprendizaxe das primeiras regras ortográficas e, asemade, adquirir a capacidade, tan complexa, de comunicarse por escrito.

Para escribir un texto axeitado a unha situación concreta, o alumnado ten que ir máis alá da escritura mecánica. Necesita ter ideas sobre o contido, saber que clase de texto quere escribir e coñecer as características deste tipo de texto, pensar na persoa á que se dirixe... Como se aborda a ensinanza dunha habilidade tan complexa?

A actitude é crucial. Cómpre transmitirles ás alumnas e aos alumnos as increíbles utilidades da escritura. Escribir pode servir para contarlle unha experiencia a alguén querido que se atopa lonxe, para ofrecer unha información que outra persoa necesita, para resolver un problema, para ordenar as ideas, para narrar unha historia que inventamos, para expresar os nosos sentimentos, para divertirnos... Unha actitude positiva favorecerá o seu éxito. O reto do profesorado será espertar ese entusiasmo e mantelo vivo malia as dificultades que poidan xurdir no proceso.

Os alumnos de 2.º de Primaria poden comezar a escribir textos dunha certa extensión e que impliquen unha planificación previa, aínda que esta ten que estar guiada polo docente e pautada por medio de pasos consecutivos.

As habilidades necesarias para elaborar un texto escrito pódense clasificar en tres niveis: caligráfico, gramatical e textual.

- **Nivel caligráfico.** É importante comprobar nos textos dos alumnos e das alumnas que escriben con letra clara, que progresan no dominio do trazo das letras e na adecuación á medida da pauta e que distinguen ben as letras maiúsculas das minúsculas e as poñen onde corresponde. Así mesmo, as tarefas de expresión escrita supoñen unha oportunidade idónea para comprobar se teñen dificultades para escribir determinadas palabras ou se cometen algunhas faltas de ortografía reiteradas e corríxírllelas.
- **Nivel gramatical.** Probablemente os nenos e as nenas elaborarán textos con oracións simples de pouca extensión separadas por puntos. Hai que comprobar que utilizan de xeito correcto os signos de puntuación que coñecen, que as oracións que escriben teñen sentido, que non deixan oracións incompletas, que empregan o léxico cunha riqueza e unha variedade acorde coa súa idade, etcétera.
- **Nivel textual.** Os estudantes de 2.º de Primaria aínda non teñen a capacidade de preparar escritos moi complexos, pero de xeito guiado poden planificar e redactar textos diversos –carteis, fichas de animais, contos, anuncios de actos, descricións...– cunha certa extensión. Teñen que comezar a ser conscientes de que cada texto ten unha estrutura e que os seus elementos deben estar cohesionados, ademais de coidar a presentación e a limpeza.

Actividades colectivas

Aínda que a escritura parece menos propicia ca a expresión oral para as actividades en grupo, a verdade é que o traballo colectivo adoita dar resultados excelentes tamén neste ámbito. Os nenos e as nenas vanse sentir máis seguros e estimulados se contan coas achegas dos demais e a tarefa enriqueceuse con diferentes puntos de vista. Por exemplo, nalgúns textos concretos, a fase de xerar ideas, que con frecuencia bloquea os alumnos e as alumnas, pódese facer con todo o grupo. Ademais, moitas das actividades son adecuadas para resolvelas en grupos máis reducidos; e tamén é habitual que as parellas intercambien os seus textos co propósito de corríxilos, avalialos ou amplialos.

A continuación propóñense algunhas ideas para continuar traballando a expresión escrita.

- **Inventar historias.** Escríbense no encerado titulares ficticios de noticias e propónselles aos nenos e ás nenas que inventen entre todos o relato dese suceso. A continuación ofrécense algúns exemplos de titulares:

- Unha vaca entra a unha clase en Vilavella.
- Un can leva á súa casa unha rapaza perdida no bosque.
- Unha sonda espacial atopa un planeta novo na nosa galaxia.

Deben facer as preguntas que apunten á información esencial dunha noticia: *Que pasou? A quen? Cando? Onde?* Se resulta conveniente, unha vez concretada a noticia, pódeseles pedir aos estudantes que escriban un texto breve contándoa.

A actividade tamén se pode facer con outro tipo de texto. Escríbense no encerado títulos que poden resultar inspiradores para que o alumnado imaxine a historia. Por exemplo:

- Unha excursión pasada por auga.
- Adormecín!
- Un luns xenial.

- **Contar experiencias persoais.** O relato de experiencias persoais ofrécelles unha vantaxe innegable aos alumnos e ás alumnas: coñecen o que teñen que contar e non necesitan recorrer á imaxinación. A dificultade que van atopar será ordenar as ideas e expresalas axeitadamente. Para axudalos a facelo, ofrécense, como orientación, algunhas preguntas que servirán para organizar cada relato.

- Para contar unha aventura: *Que pasou? A quen lle pasou? Como se sentía? Como acabou todo?*
- Para contar a visita a unha cidade: *Que cidade visitaches? Que viches nesa cidade? Visitaches algún monumento? Como era? Gustouche a cidade? Por que?*
- Para contar algunha experiencia en que tivesen medo: *Tiveches medo algunha vez? Que che daba medo? Que fixeches? Como conseguiches que che pasase o medo?*

- **Escribir instrucións.** O alumnado ten que explicar procesos sinxelos por escrito. Por exemplo:

- Como se prepara un bocadillo.
- Como se fai a cama.
- Como se come unha mandarina.
- Como hai que poñer un abrigo.

Trátase de que pensen os diferentes pasos e que os expliquen ordenadamente, utilizando marcadores temporais (*primeiro, despois, a continuación, ao acabar, finalmente...*). A actividade pode comezar proporcionándolles un vocabulario básico (algunhas palabras que, case con seguridade, terán que empregar) para explicar o proceso elixido.

- **Contar unha situación ficticia.** Pode resultar moi motivadora para as nenas e os nenos a actividade seguinte: escríbese no encerado o enunciado *Imaxina que un día...* e pídeselles que digan as súas propostas para completar a oración. Pódese comezar co seguinte exemplo: *Imaxina que un día... un paxaro entra na clase*. Despois, seguirán os alumnos e as alumnas e iranse anotando no encerado as achegas que fagan. Ao final, elixirase algunha destas situacións hipotéticas e os nenos e as nenas terán que imaxinar que iso ocorreu de verdade e escribir un texto breve, de cinco ou seis liñas, para explicar o que pasou.
- **Escribir diálogos.** Os nenos e as nenas escribirán un diálogo breve, por parellas ou en grupos, sobre uns personaxes inventados. Para facilitarlles as cousas, pódese ofrecer o contexto narrativo que dea pé ao diálogo. A continuación expóñense algúns exemplos:
 - Un rato e un gato comentan a chegada dun veciño novo: un can.
 - Un caracol cóntalle a unha bolboreta que vai facer unha longa viaxe.
 - Os animais da selva elixiron un novo rei.

A metodoloxía que subxace na formulación deste proxecto parte da premissa de que os alumnos e as alumnas desenvolvan un papel máis activo na súa aprendizaxe, na liña das tendencias actuais para a ensinanza das ciencias naturais: facer que o alumnado observe o que o arrodea, realice os rexistros pertinentes, investigue en diversas fontes, se cuestione preguntas e sexa quen de obter conclusións; todo iso coa intención de conseguir unha aprendizaxe máis profunda e efectiva.

Ao longo do proxecto lévanse a cabo propostas e formulacións diversas, desde realizar experiencias ata resolver problemas, concibindo a aprendizaxe como unha elaboración permanente dos coñecementos e unha aplicación real destes como alternativa á simple memorización.

A nosa proposta metodolóxica ten por obxectivo, polo tanto, que as nenas e os nenos de Educación Primaria entendan as ciencias desde un punto de vista procedemental, ademais de conceptual, e que comecen a desenvolver a súa capacidade investigadora. Unha ensinanza baseada na investigación implica a observación da realidade para formular problemas, identificar posibles alternativas para resolvelos, planificar investigacións, recoller información, construír modelos, debater cos compañeiros e elaborar argumentacións.

Pretendemos que estas páxinas lle sirvan de orientación ao profesorado nesta difícil tarefa. Por iso, nesta sección realízanse suxestións sobre como abordar a aprendizaxe de cada bloque de contidos do libro e propóñense estratexias, técnicas, recursos e actividades que poden resultar adecuados para traballar as unidades didácticas na aula. Sempre que sexa posible, priorízanse as actividades que estimulen unha postura proactiva e creativa que favoreza a participación dos alumnos e das alumnas e a súa interacción.

Os recursos e as actividades que se detallan teñen como fin axudar o profesorado no seu labor, pero non deben ser entendidos como un guión estrito. Cada docente coñece as características específicas do seu grupo de alumnos e de alumnas e debe adaptar cada idea á súa realidade concreta, ou ben achegar outras novas. A educación non é un proceso ríxido que poida poñerse en funcionamento cunha receita pechada, senón un conxunto de factores e ideas que se alimentan e benefician en prol de buscar o mellor método para que os nenos e as nenas poidan medrar, evolucionar, espertar a súa conciencia e aprender.

O corpo humano

Os contidos deste bloque que se traballan en segundo curso de Educación Primaria son, principalmente, os relacionados co aparello locomotor. Non obstante, tamén se recordan as partes do corpo humano e os cambios ao longo da vida, e introdúcense as funcións vitais, cunha maior énfase este curso na función de relación e na respiración, parte da función de nutrición.

Para aprender sobre as partes do corpo contan co mellor recurso: o seu propio corpo. Pode pedirles aos alumnos e ás alumnas que sinalen sobre o seu propio corpo, ou sobre o dun compañeiro ou o dunha compañeira, as partes que lles vaia indicando.

Outra posibilidade é utilizar a lámina interactiva do aparello locomotor (ósos e músculos) do material didáctico para a aula.

Sobre as etapas da vida e os cambios que experimentamos as persoas, é interesante indicarlles que se refiran á súa propia experiencia, en relación cos membros da súa familia ou cos seus coñecidos. Tamén lles pode pedir que expliquen como son as persoas nas distintas etapas da vida, o que as caracteriza, e completar entre todos unha táboa ou algún outro esquema no encerado.

Neste curso introdúcense as funcións vitais. É posible que o concepto de funcións vitais resulte demasiado abstracto para a idade dos nosos alumnos e das nosas alumnas. Por iso, é preferible non tratar de definilas ou, como moito, referirnos a elas como «o que fan os seres vivos e os distingue dos obxectos inertes». O importante é que se familiaricen con estas funcións e sexan quen de relacionalas con algunhas situacións cotiás.

Prestarase especial atención á función de relación. Pídalles que imaxinen situacións parecidas ás que se mostran a continuación e que discutan sobre elas:

- Mentres agardamos no paso de peóns, o semáforo cambia a verde para os peóns.
- No parque ólenos a algodón de azucre, que nos encanta.
- Collemos un vaso de leite, pero está moi quente.

En canto ao estudo da respiración, sería interesante que o alumnado practicase distintos exercicios de respiración, axudado polo seu profesor ou profesora, para así facelo consciente da súa propia respiración.

Neste curso trabállase o sistema locomotor, que inclúe os ósos, coas súas articulacións, e os músculos. Para traballar estes contidos, utilizaremos, igualmente, as láminas interactivas que nos proporciona o material da aula, que axudarán a mellorar a comprensión do funcionamento do propio corpo.

Xogos colectivos

- **As partes do corpo.** Pídalles aos alumnos e ás alumnas que se coloquen en fila fronte a vostede. Deberán tocar coa man a parte do corpo que nomee. Incluirá os ósos e os músculos que coñezan.
- **As articulacións.** Indicaráselles aos alumnos e ás alumnas que realicen distintas tarefas, pero mantendo inmóbiles as articulacións sinaladas; por exemplo: *Camiñade sen dobrar os xeonllos; Escribide sen dobrar o cóbado; Falade uns cos outros sen xirar o pescozo...*

A saúde

Os contidos relacionados coa educación para a saúde son fundamentais na Educación Primaria. Os nenos e as nenas deben coñecer e, sobre todo, adquirir hábitos saudables. Deben comprender a importancia de incorporar estes hábitos á súa vida diaria.

Para traballar os hábitos saudables, poden confeccionar murais en que se recollan os principais. É aconsellable agrupalos en cinco bloques: hixiene, exercicio, descanso, postura e alimentación. Neste curso verán só algún aspecto de cada un, pero máis adiante, ao longo de toda a Educación Primaria, irán dotando de contido cada un dos bloques, en función da súa madurez e dos contidos específicos de cada curso. A alimentación saudable ocupa un lugar destacado nos hábitos que deben adquirir. A lámina interactiva sobre a pirámide dos alimentos pode ser de grande axuda á hora de explicar contidos de forma gráfica.

Na promoción da saúde desenvolve un papel destacado a adquisición dunha cultura de prevención dos accidentes. As actividades da nosa vida diaria implican certos riscos; por iso, debemos tratar de identificar os que son evitables para non caer neles.

Xogos colectivos

- **Como me coido?** Por quendas, representan unha acción que amose un bo hábito e o resto ten que adiviñalo (cepillar os dentes, camiñar co lombo recto, durmir o suficiente...).
- **Carie contra dentes.** Dous alumnos son a carie, outros dous son o flúor e o resto son os dentes. Os que son carie perseguen os dentes e, se os tocan, estes quedan parados. O flúor libéraos cando os toca. Pero debe ter coidado: se a carie toca o flúor, déixao inmóbil e ten que contar ata vinte sen se mover.

As plantas

Como en todos os demais bloques de contido, é importante conectar este tema coa realidade dos alumnos e das alumnas. As plantas forman

parte da nosa vida como adorno, como alimento, como fonte de materias primas e como parte do noso contorno, tanto urbano coma natural.

É importante que se favoreza a observación directa de plantas, na clase ou en espazos próximos, para analizar as súas características externas (cor, forma e principais partes visibles), identificar as especies máis representativas do contorno e establecer comparacións entre elas. É conveniente realizar estas observacións en diferentes momentos do curso, co fin de analizar os cambios que experimentan as plantas en cada estación do ano.

Outro xeito de fomentar o interese polas plantas e de facilitar o seu estudo é manter na aula algún testo con plantas. O ideal sería que visen o seu ciclo de vida completo, incluíndo a produción de flores, froitos e sementes. Ao explicar a diferenza entre animais e plantas, faga fincapé en que as plantas non toman alimentos, como os animais; fábrícanos a partir de substancias moi sinxelas.

Xogos colectivos

- **As especias.** Pode propoñer que adiviñen especias polo seu olor. Por exemplo, ourego, alfábega, tomiño, romeu, comiño... Explique que as especias que empregamos para cociñar son partes de plantas. Permítalles ulir algunhas especias. Despois, amóselles a planta, para que a relacionen coa especia.
- **Listas de plantas.** Organice as alumnas e os alumnos en varios equipos e monte un concurso: por quendas, deben nomear en cada equipo unha planta coas características que vostede indique. O obxectivo é conseguir o máximo número de acertos. Pídalles que nomeen árbores, plantas con flores, plantas que comemos, plantas útiles, produtos que obtemos das plantas, plantas que comeceen por unha determinada letra... Anímeos a que propoñan eles algún criterio. As plantas non se poden repetir e gaña o equipo que di a última cando o contrario xa non sabe máis.

Os animais

O bloque dedicado aos animais será, sen dúbida, un dos máis atractivos e motivadores para os nenos e as nenas. Ademais, os estudantes acumulan gran cantidade de coñecementos previos sobre os animais, o que lles axudará a construír unha aprendizaxe significativa dos contidos.

Neste curso adquirirán unha visión máis sistemática dos principais grupos de animais vertebrados e das características que permiten identificalos. Dentro dos invertebrados, destácanse os insectos, o grupo máis familiar para eles.

Nas tarxetas de imaxes do material da aula ofrécese documentación gráfica sobre plantas e animais. Invite as alumnas e os alumnos a estudalas con atención e a preguntarse polas características que se aprecian nelas: forma do corpo e das súas partes, extremidades, modo de desprazamento...

Evidentemente, o máis interesante é a observación directa de animais, preferiblemente libres no seu contorno. Para iso, se é posible, organice unha excursión a algún espazo natural en que sexa doado observar animais.

Algúns dos nenos ou das nenas poden ter mascotas. Anímeos a describilas e a explicar cousas sobre elas: como son, de que se alimentan, que coidados precisan... E, por suposto, que expliquen a que grupo de animais pertencen e que características deste grupo recoñecen na súa mascota. Aproveite para lembrar a responsabilidade que implica ter un animal.

A este respecto, trate de conciencialos dos problemas asociados ás mascotas e aconsélleles que, en caso de querer adquirir un can ou un gato, preferiblemente acudan a un refuxio de animais abandonados. Ademais, débese facer fincapé na identificación e na explicación dalgunhas das causas da extinción de especies. Nestes bloques de contido é importante a adquisición de valores de respecto pola natureza.

Xogos colectivos

- **Que animal son?** Este xogo debe realizarse por parellas. Cada alumno pon na fronte, sen mirala, unha tarxeta co nome dun animal e colócase diante da súa parella, que tamén ten a súa tarxeta. Pregúntanlle alternativamente ao compañeiro ou á compañeira para adiviñar que animal é cada un. O primeiro que adiviñe o seu animal, gaña.
- **Animais imposibles.** Pídalles que imaxinen e debuxen animais imposibles unindo características de varios grupos. Por exemplo, mamífero e peixe, réptil e insecto, anfibio e ave...

A materia e a enerxía

En xeral, este é un dos bloques de contido que máis problemas lles pode crear aos estudantes. Non obstante, é conveniente un achegamento temperán e gradual a todos os contidos relacionados coa física e coa química, adecuándoos ao grao de desenvolvemento do alumnado. Outro aspecto que hai que considerar ao tratar estes contidos é que certas cuestións se deben simplificar, pero coidando de que estas simplificacións non dean lugar a erros conceptuais que poidan ser un obstáculo para futuras aprendizaxes.

Un destes obstáculos é que algúns dos conceptos empregados, como materia, enerxía ou substancia, son moi abstractos. Por iso é conveniente evitar as definicións, pois non poden ser precisas. A nosa proposta é ir introducindo todos estes conceptos mediante sinxelos experimentos ca-

seiros que animamos a reproducir na aula, pois poden ser unha fonte de motivación para o alumnado.

Estudamos os estados da materia partindo dos estados da auga, algo que é familiar para eles. Despois, nas actividades, pídese extrapolar a outros tipos de materia. É interesante preguntarlles por corpos que se atopen nos distintos estados.

Para traballar as mesturas é recomendable, novamente, utilizar a auga como exemplo, por ser a substancia máis familiar para os alumnos e as alumnas.

Unha faceta do estudo das mesturas é a súa separación. Suxira problemas de separación de mesturas. Por exemplo, separar unha mestura de area e azucre (mesturar con auga, peneirar e deixar evaporar). Outros métodos sinxelos son a separación magnética ou a separación por flotación. Pode propoñer exemplos con limaduras de ferro ou serraduras para explicar estes métodos.

Os nenos e as nenas teñen un coñecemento intuitivo sobre os materiais. Este curso poñeremos a énfase en estudar as súas propiedades.

Nestas idades, o vocabulario relacionado coas propiedades dos obxectos e cos materiais pode resultar escaso e impreciso. Por iso, e coa finalidade de que adquiran maior soltura no manexo destes termos e que comecen a utilizalos con maior propiedade, pódense propoñer actividades de descrición de obxectos utilizando para iso un determinado vocabulario que anotará no encerado.

O estudo da enerxía débese enfocar con dúas perspectivas: a súa utilidade e a súa calidade de renovable ou non renovable. Polo tanto, o que se traballará este curso, fundamentalmente, serán as fontes de enerxía, non a enerxía dun xeito abstracto. Deste tema deben sacar en claro as vantaxes que presentan as enerxías renovables, pese a que a súa implantación aínda conte con dificultades de índole técnica.

Sobre a reciclaxe, convén explicar que para reciclar hai que levar a cabo dous procesos: a separación dos residuos, que é a nosa responsabilidade, e a reciclaxe dos materiais propiamente dita, que é realizada por empresas especializadas. Pode propoñer fabricar papel reciclado na aula, un proceso relativamente sinxelo.

Xogos colectivos

- **Cambia o material.** Seleccione algún obxecto que haxa na aula e pregunte con que outro material diferente se podería fabricar. Pregunte tamén por outro material con que non se podería fabricar. Pídalles que expliquen as propiedades que fan que se poida usar ou non.
- **Que cambiaría na túa vida se non houbese...?** O obxectivo é que os alumnos e as alumnas tomen conciencia da importancia da enerxía na súa vida. Pídalles que conten como sería un día na súa vida se non

houbese combustibles, en primeiro lugar, e se non houbese electricidade, en segundo. Poden facelo en forma de historia que irán completando por quendas.

As máquinas

Na actualidade asúmese que é imprescindible un certo nivel de coñecementos sobre o mundo das máquinas e da tecnoloxía, co fin de que comprendan a súa utilidade, o seu funcionamento e as normas que deben seguir para utilizalas dunha forma segura.

As alumnas e os alumnos teñen numerosos coñecementos previos sobre as máquinas. O obxectivo é estruturar eses coñecementos e espertar a curiosidade por coñecer máis sobre as máquinas.

A primeira dificultade que van atopar é a propia definición de *máquina*. Desde un punto de vista práctico, explique que unha máquina é calquera obxecto fabricado polas persoas que nos facilita realizar algunha actividade. Trátase dunha definición moi ampla, en que teñen cabida unha gran cantidade de utensilios.

Unha parte importante da aprendizaxe sobre as máquinas débese basar en desmontalas e montalas, para comprender como traballan as diferentes partes que fan funcionar o aparello completo. Será de grande utilidade o *Caderno de máquinas* incluído no material da aula.

Dentro das máquinas, adquiriron grande importancia os ordenadores e, en xeral, todo o relacionado coas TIC. Incida en que estas máquinas traballan con información, que se pode transferir ou almacenar.

Xunto coas máquinas estúdanse as propiedades do son e do ruído. Utilice instrumentos musicais e mesmo as propias voces dos alumnos e das alumnas para que recoñezan as distintas propiedades do son (intensidade, ton e timbre). Anímeos a explicar a súa experiencia ao traballar ou, simplemente, permanecer en ambientes ruidosos.

Xogos colectivos

- **Feira de inventos imaxinarios.** Organice cos alumnos e coas alumnas a feira de inventos imaxinarios. Pídalles que imaxinen, cada un por separado ou en equipos, un invento que sexa útil, divertido ou curioso e que o debuxen nunha folla de papel. Despois, coma nunha feira de inventos, amosaránlles aos seus compañeiros e á súas compañeiras e tratarán de convencerlos da súa utilidade.
- **Que máquina é?** Propóñalle á clase que adiviñe a máquina que vostede pensa. Dea pistas acordes cos contidos da unidade: con que enerxía funciona, para que serve, se posúe poucas ou moitas pezas, se é moderna ou antiga...

Ao igual ca na área de Ciencias da Natureza, a nosa proposta para Ciencias Sociais pon o seu enfoque no procedemental e experiencial co fin de que o alumnado comece a desenvolver a súa capacidade observadora, analítica, investigadora e crítica.

A metodoloxía que subxace na formulación deste proxecto parte da premisa de que os alumnos e as alumnas desenvolven un papel activo na súa aprendizaxe, en liña coas tendencias actuais para a ensinanza de Ciencias Sociais: facer que o alumnado observe o que o arrodea, realice os rexistros pertinentes, investigue en diversas fontes, se faga preguntas e sexa quen de obter conclusións. Todo iso para comprender como é o mundo en que vivimos e para lograr unha aprendizaxe profunda e efectiva.

A nosa proposta metodolóxica ten por obxectivo que as nenas e os nenos de Primaria entendan as Ciencias Sociais desde un punto de vista procedemental e experiencial, ademais de conceptual, e que comecen a desenvolver a súa capacidade observadora, analítica, investigadora e crítica. Unha ensinanza baseada na investigación implica observar a realidade para formular problemas, identificar alternativas posibles para a súa resolución, recoller e clasificar información, debater cos compañeiros e coas compañeiras e elaborar argumentacións. Implica igualmente ser quen de realizar prácticas e actividades manipulativas para fomentar a capacidade de observación e de experimentación. Construír unha maqueta dunha cidade, facer un cataventos ou realizar unha paisaxe con plastilina son actividades que desenvolven estas capacidades.

Pretendemos que estas páxinas lle sirvan de orientación ao profesorado nesta difícil tarefa. Por iso, nesta sección realízanse suxestións sobre como abordar a aprendizaxe dos contidos do noso libro e propóñense estratexias, técnicas, recursos e actividades que poden resultar adecuados para traballar as unidades didácticas na aula. Sempre que sexa posible, priorízanse as actividades que estimulen unha postura proactiva e creativa, que favorezan a participación do alumnado e a súa interacción cos compañeiros e coas compañeiras.

Os recursos e actividades que se detallan para cada unidade do libro van encamiñados a axudarlles aos profesores e ás profesoras no seu labor docente, pero non deben ser entendidos como un guión pechado. Cada docente coñece as características específicas do seu grupo de alumnos

e de alumnas e é, polo tanto, quen debe adaptar as propostas e suxestións á súa realidade concreta, ou ben achegar outras novas. A educación non é un proceso único que poida poñerse en funcionamento cunha receita pechada, senón un conxunto de factores e ideas que se alimentan e benefician en prol de buscar o mellor método para que os nenos e as nenas poidan medrar, evolucionar, espertar a súa conciencia e aprender.

Varios eixes fundamentais vertebran o estudo de Ciencias Sociais: o espazo e o tempo en que teñen lugar os fenómenos e os feitos, o traballo coas fontes, a sociedade e a cidadanía, a causalidade e a educación emocional.

Nocións básicas

O espazo

A noción de espazo funciona coma un concepto organizador da xeografía. En primeiro lugar, o espazo é o marco en que se desenvolven os alumnos e as alumnas, o seu contexto, de onde derivan unha serie de prácticas fundamentais, como a interpretación dun plano ou a orientación. Orientarse é unha necesidade básica que nos permite localizar elementos no espazo a partir dun punto de referencia. Á idade destes nenos e destas nenas é unha habilidade difícil que necesita ser traballada de forma continua. Aplicar os conceptos de esquerda e dereita, por exemplo, na interpretación dun plano ou na realización dun itinerario, ademais do esquema cos puntos cardinais para orientarse nunha paisaxe, axudará aos estudantes a adquirir esta capacidade.

O espazo é tamén o lugar onde suceden as actividades, os fenómenos e os feitos humanos, tanto do pasado coma do presente. Por iso, son necesarios os exercicios sobre a actividade económica, os fenómenos meteorolóxicos e a paisaxe, pois os alumnos e as alumnas deben coñecer estes conceptos como parte da súa formación básica.

A imaxe (fotografías, debuxos...) resulta indispensable na didáctica das Ciencias Sociais e, en especial, da Xeografía. Os debuxos ou os esquemas son representacións gráficas e simbólicas do espazo real. Os alumnos e as alumnas deben coñecer a súa linguaxe para ser capaces de interpretar con acerto o espazo representado.

Por outra parte, a xeografía descritiva ten un papel fundamental en Ciencias Sociais, pois permite aplicar os coñecementos xerais adquiridos ao espazo concreto en que se desenvolven.

Os contidos conceptuais son poucos, sinxelos e concretos, pero concédelle grande importancia ao coñecemento de lugares, como montañas, chairas, ríos e costas. Por iso, os debuxos e as ilustracións que aparecen no libro do alumnado inclúen debuxos adaptados á madurez

dos nenos e das nenas desta idade, que lles permitirán, por unha parte, comezar a comprender a representación dos espazos xeográficos en mapas e planos e, por outra, contextualizar os diferentes elementos xeográficos que son obxecto de estudo.

En último termo, para lograr unha aprendizaxe construtiva, é fundamental coñecer o contexto real en que se aplican os coñecementos e procesos, aínda que este poida representarse recreando unha simulación. Por exemplo, resulta pouco efectivo que un alumno ou unha alumna memorice o concepto de plano se non sabe utilizalo na realidade ao elaborar un itinerario ou ao interpretar un plano dunha localidade. Por iso, utilizar as destrezas de orientación no propio contorno e coñecer espazos concretos definidos polas súas características físicas son competencias imprescindibles para adquirir a dimensión espacial.

O tempo histórico

O uso correcto das nocións temporais básicas, o coñecemento da cronoloxía e dalgúns métodos para medir o tempo e o tempo histórico, así como a representación iconográfica deste último, son algunhas capacidades inherentes ao estudo das Ciencias Sociais e, en particular, da Historia. Son capacidades complexas e abstractas, polo que os alumnos e as alumnas desta idade adoitan ter dificultade para aplicalas correctamente.

Por outra parte, as alumnas e os alumnos necesitan coñecer as datas aproximadas dalgúns períodos históricos como referentes que permiten establecer un marco temporal en que ir situando os feitos e os contidos que estudan. Para un bo manexo do concepto de tempo histórico resultan útiles as actividades que invitan a ordenar situacións ou acontecementos nunha sucesión correcta, así como as que propoñen ordenar datas e períodos.

Ademais, debuxar e analizar liñas do tempo axudaralles aos nenos e ás nenas a aprender a representar graficamente sucesións de feitos no tempo e a superar a dificultade que supón establecer a proporción entre o tempo real e o tempo representado.

As fontes

As cartas, os libros, os mapas, as pinturas, as construcións arquitectónicas, as fotografías, os testemuños orais..., constitúen, entre outros, fontes de información fundamentais no estudo das Ciencias Sociais. Unha forma motivadora de comezar a traballar con elas é facelo a través da investigación da historia persoal, como se propón nas actividades destinadas a relatar os acontecementos fundamentais na vida dos nenos e das nenas da clase.

Dentro da tipoloxía das fontes, as fontes escritas son moi variadas: biografías, cartas, diarios privados, leis, novelas, poemas, prensa... O alumnado debe aprender a consultar as que están ao seu alcance coa finalidade de obter unha información, de verificar unha sinxela hipótese ou de responder as preguntas que poidan formularse.

Non se debe esquecer o traballo coas fontes orais, das que a información nos chega a través da voz. Poden practicar con elas a través das vivencias que lles contan os seus familiares, da realización de enquisas sinxelas ou de entrevistas, de cancións...

Támén as fontes iconográficas teñen un gran valor nas Ciencias Sociais, xa que cumpren funcións diversas. Non só supoñen unha fonte de información fundamental, senón que ademais colaboran na educación estética e emocional dos alumnos e das alumnas, e facilitan a relación entre a área das Ciencias Sociais e outras actividades (películas, viaxes, cómics...). Co obxectivo de que os nenos e as nenas se familiaricen con elas, inclúense ao longo do libro fotografías, debuxos, imaxes de satélite e obras artísticas para aprender a lelas e a interpretalas.

A sociedade e a cidadanía

Os retos que presenta o mundo actual incrementaron a nosa sensibilidade cara á importancia de fortalecer a reflexión ética nas prácticas educativas. O poder dos medios de comunicación e da publicidade, a deterioración do medio e o uso de Internet, que nos sitúa nun mundo virtual en que, é vez, nada nos é alleo por afastado que estea, non son máis ca algúns dos retos ante os que nos situamos na actualidade. Estes retos forman parte das temáticas de Ciencias Sociais como materia escolar e contribúen a sensibilizar os alumnos e as alumnas sobre eles.

A xeografía e a historia son dous piares na formación en valores dos alumnos e das alumnas desde pequenos. En primeiro lugar, porque o ser humano é o centro destas áreas. Pero tamén porque son disciplinas abertas aos grandes problemas, á reflexión e á integración do saber na propia vida para iluminar a conduta e o coñecemento. Evidentemente, os problemas éticos non son o eixe da programación destas materias, pero todos os temas son susceptibles de ser enfocados e traballados con esta orientación reflexiva.

Recomendamos facer fincapé nos seguintes aspectos:

- **Educar para a democracia.** Un dos obxectivos da educación é proporcionarles aos alumnos e ás alumnas un saber organizado e crítico que lles permita dispoñer dunhas sinxelas claves da nosa historia e da nosa realidade actual para ser no futuro cidadáns e cidadás informados e reflexivos, capaces de facerlles fronte aos problemas e retos do mundo. Os valores fundamentais do sistema democrático, como son a liberdade, a igualdade, o pluralismo, a participación, a protección da

vida privada..., están presentes nos contidos das Ciencias Sociais. Coñecer como se goberna unha localidade servirá para que as alumnas e os alumnos valoren a importancia de actuar como cidadás e cidadáns activos no seu contorno social máis próximo. O desenvolvemento dos e das estudantes como cidadáns e cidadás tamén implica o cumprimento dunha serie de normas de comportamento que favorecen a convivencia, entre elas, as relacionadas coa seguridade viaria.

É importante relacionar os contidos con problemas e centros de interese que leven á reflexión. Por exemplo, o estudo dos servizos do municipio facilita que os alumnos e as alumnas tomen conciencia da necesidade de coidar os espazos públicos, que son de todos.

En Ciencias Sociais trátanse temas que moitas veces poden ser orixe de sinxelos debates na clase. Estas situacións son moi produtivas para educar o alumnado na participación e na formación dunha opinión a través do diálogo baseado no respecto, na tolerancia e na negociación.

- **Educar a conciencia ecolóxica.** A materia de Ciencias Sociais fai que sexamos conscientes de que habitamos un mesmo medio natural, a Terra, e de que o que suceda nela nos incumbe. As simulacións sociais son moi útiles no estudo da xeografía, polo que o noso libro inclúe diversas actividades relacionadas coa reciclaxe, co consumo responsable ou coa contaminación da auga e do aire, que permiten analizar situacións concretas, aplicar os coñecementos adquiridos e tomar decisións.

A causalidade

Os alumnos e as alumnas deben comprender o que estudan, e iso supón determinar as causas e as consecuencias dun feito, dun proceso ou dun fenómeno.

Recoméndase realizar actividades encamiñadas a preguntarse o porqué dos feitos ou dos procesos para facilitar a comprensión dos contidos.

A educación emocional

É importante que, desde pequenos, os estudantes vaian adquirindo tanto a capacidade de identificar as emocións propias como a de recoñecer as emocións nos demais. O libro de texto inclúe propostas que invitan os nenos e as nenas a analizar os seus estados de ánimo en distintas situacións reais ou ficticias.

A empatía é a capacidade de poñerse no lugar doutras persoas, tanto do pasado coma do presente, para explicar as razóns das súas actuacións e opinións. Esta capacidade permítenos comprender a mentalidade, traballar a motivación e decatarnos de que a valoración que facemos dun fenómeno ou dunha época dependen dos grupos, do momento, do

lugar... Todas as actividades encamiñadas a desenvolver a capacidade de poñerse no lugar doutra persoa contribúen a identificar e a comprender as emocións dos demais. A empatía é necesaria para tomar conciencia dos problemas que nos arrodean e para adoptar unha postura ao respecto.

Contidos concretos da área

Aldeas, vilas e cidades

En principio, pode parecer sinxelo diferenciar visualmente aldeas, vilas e cidades, pero o tema complicase no caso de vilas grandes en que se mesturan construcións características das vilas con outras máis frecuentes nas cidades ou en que as actividades agrarias seguen tendo moita importancia, pese a contar con numerosos habitantes. Pode comentar que en España o principal criterio diferenciador entre aldeas, vilas e cidades é o numérico: considéranse cidades as localidades que contan con 10 000 habitantes ou máis.

Outro posible problema é o uso do termo *concello*. Insista en que con ese nome se designa tanto o Goberno municipal (alcalde ou alcaldesa e concelleiros e concelleiras) como o edificio en que se reúnen e traballan os membros do Goberno municipal, que toma o seu nome, precisamente, da institución que acolle.

Sectores económicos

É posible que algúns estudantes crean que os produtos que utilizan a diario proceden directamente dos comercios en que os adquiren. Ao analizar os diferentes sectores económicos, faga fincapé en que algúns dos produtos que consumimos se conseguen directamente da natureza, como as froitas, as verduras ou a carne, e outros se obteñen tras un proceso de fabricación industrial ou unha elaboración artesanal.

Tamén pode resultar complicado entender o concepto de *servizos*. Insista en que un servizo é unha actividade que satisfai unha necesidade ou un desexo dunha persoa. Para que os alumnos e as alumnas o comprendan, poña exemplos. Así, cortar o pelo é un desexo que se satisfai mediante un servizo que realizan os peiteadores e as peiteadoras; curar as nosas enfermidades é un servizo que realizan os profesionais da sanidade; adquirir alimentos é unha necesidade que satisfán os profesionais que traballan en comercios como prazas de abastos, tendas, supermercados, centros comerciais, etc.

É posible que, para algúns estudantes, a diferenza entre industria e artesanía sexa difusa. Para que o comprendan insista nos trazos que presenta xeralmente cada actividade: grandes fábricas con numerosos obreiros

e obreiras no caso da industria, fronte a obradoiros con poucos traballadores na artesanía; procesos de fabricación complexos con maquinaria especializada na industria, fronte a ferramentas sinxelas e traballo manual na artesanía; produtos estandarizados na industria, fronte a produtos individualizados na artesanía...

Medios de comunicación

Probablemente, para moitos alumnos e alumnas será complicado distinguir entre os medios de comunicación interpersoais e os medios de comunicación de masas. Insista na idea de que os primeiros poñen en contacto un número reducido de persoas e adoitan ser de uso privado. Os segundos, non obstante, diríxense a numerosos receptores e, normalmente, son públicos.

É posible que moitos alumnos e alumnas pensen que os medios de comunicación e os dispositivos asociados que usamos na actualidade existiron sempre. Nese sentido, comente que, por exemplo, Internet se inventou na segunda metade do século xx. Se esta data non lles resulta significativa, comente que este medio de comunicación non existía cando naceron a maioría dos seus avós e avoas. Nesa época había teléfonos fixos, receptores de radio ou televisores, pero eran moi diferentes aos actuais.

Móstralles aos estudantes imaxes destes aparellos para que comprobén as diferenzas cos seus equivalentes actuais. Tamén pode comentar que o primeiro teléfono móbil tampouco era coma os actuais. O primeiro móbil saíu ao mercado hai uns 35 anos, pesaba case un quilo e tardaba en cargar unhas 10 horas. Só permitía falar uns 30-35 minutos seguidos, non posuía outras prestacións e non era táctil.

Elementos naturais

Comprender os cambios de estado da auga pode resultar difícil para algúns estudantes. En primeiro lugar, deben entender que a auga non é auga só cando está en estado líquido, senón tamén cando se atopa en estado gasoso ou sólido. Para que o comprendan, pídalles que observen estes cambios en situacións cotiás: por exemplo, cando un recipiente con auga se mete no conxelador pasa de estado líquido a estado sólido (xeo); ao ducharnos, se a auga sae da billa moi quente, pasa a estado gasoso, é dicir, convértese en vapor de auga... Insista en que estes cambios de estado se producen por efecto de modificacións na temperatura. Se o cre conveniente, pode indicar que o paso dun estado a outro se denomina cun termo específico. Así, o paso de estado líquido a sólido chámase *solidificación*, o paso de estado líquido a gasoso denomínase *evaporación*, o paso de estado gasoso a lí-

quido chámase *condensación* e o de estado sólido a líquido chámase *fusión*. Coñecer estes termos resultará útil ao traballar o ciclo do auga.

Entender como se forman as nubes e por que algunhas producen precipitacións pode ser complicado. É importante que os estudantes comprendan que as nubes non están formadas por vapor de auga, pese a que polo seu aspecto poida parecelo, senón por pequenísimas gotas de auga que se forman por condensación: cando o vapor de auga que contén o aire arrefría, condénsase, é dicir, convértese en minúsculas gotas de auga líquida que forman as nubes. Non todas as nubes dan lugar a precipitacións. Cando as gotiñas que forman as nubes aumentan o suficiente de tamaño, caen á terra en forma de chuvia. Se a temperatura do aire é moi baixa, as gotas das nubes arrefrían moito, a auga solidifica e cae á terra en forma de neve ou de sarabia.

Posiblemente moitos alumnos e alumnas confundan os conceptos de aire ou vento, ou usen de xeito inadecuado expresións como *Hoxe vai moito aire*, cando en realidade pretenden dicir que vai moito vento. Insista en que o aire se converte en vento cando se move e use este sinxelo pareado para que os estudantes o lembren: *O vento é aire en movemento*.

Pode resultar complicado comprender as diferenzas entre chuvia, neve e sarabia. Insista en que, na chuvia, a auga está en estado líquido e, na neve e na sarabia, en estado sólido en forma de xeo. Se ten ocasión, sería interesante que os alumnos e as alumnas observasen no microscopio unha folerpa para comprobar que está formada por cristais de xeo, ou que partisen pola metade unha bóla de sarabia para que comprobén que está formada por xeo.

Para diferenciar raio, lóstrego e trono, insista en que o raio é unha descarga de electricidade, o lóstrego é a luz que produce esa descarga e o trono, o ruído que a acompaña.

Paisaxes e materiais

Os estudantes deben recordar numerosos termos específicos de xeografía relacionados coas paisaxes, cos ríos..., o cal pode resultar complicado. Para facilitarlles esta tarefa pode propoñer xogos de preguntas e respostas que lles axuden a fixar os termos e a diferenciarlos uns dos outros. Poden ser xogos en que os alumnos e as alumnas deban responder preguntas coma as seguintes: *En que se parecen unha illa e unha península?; En que se diferencian?; Son o mesmo unha illa e un arquipélago?; En que se parecen e en que se diferencian un golfo e unha baía?; En que se diferencian as montañas, as chairas e os vales?...*

Distinguir nunha paisaxe os elementos naturais dos construídos pode resultar complicado. É posible que algúns alumnos e alumnas crean que certos elementos das paisaxes, como os encoros, son elementos natu-

rais porque estiveron sempre aí. Para que entendan a diferenza, fágalles preguntas coma estas: *Poden as persoas construír unha montaña ou un acantilado?; E unha ponte ou unha estrada?; E un porto?; E unha praia?*

Para diferenciar entre rochas e minerais, insista en que os minerais son materiais de orixe natural cunha estrutura determinada que se diferencian uns doutros pola cor, a dureza, a forma e o brillo. As rochas son materiais compostos por un ou varios minerais.

Posiblemente algúns alumnos e alumnas escoitasen que os diamantes ou as esmeraldas son xemas. Comente que estes e outros minerais como os rubís son tamén minerais, pero que se consideran xemas pola súa beleza, rareza e dureza.

O tempo histórico

A noción do tempo histórico, as formas de medilo (horas, días, semanas, meses, anos...), así como a súa representación gráfica nunha liña do tempo, son conceptos abstractos e difíciles de aplicar correctamente por parte dos alumnos e das alumnas desta idade. Para que comprendan estes conceptos e aprendan a usalos, convén realizar exercicios sobre a lectura dos reloxos analóxicos e dixitais, os días do mes, os conceptos pasado-presente-futuro, etc. Se os realiza en forma de concursos ou xogos, resultarán máis atractivos para o alumnado.

Para algúns alumnos e alumnas pode resultar complicado entender que moitos obxectos dos que dispoñemos agora, como os avións, os móbiles, as tabletas ou a televisión, non existiron sempre. Neste sentido, pode mostrar imaxes de épocas pasadas para que os nenos e as nenas vexan como se viaxaba, como se comunicaban as persoas, como se divertían, etcétera.

Xogos e actividades colectivas

Xogos

- **Eleccións municipais simuladas.** Os estudantes organizarán as eleccións municipais da súa aula e elixirán o seu alcalde ou alcaldesa. Imaxinarán que o seu centro escolar é o seu municipio e dividiránse en grupos que equivalerán aos diferentes grupos políticos. Cada grupo pensará nas principais necesidades do seu colexio e preparará e presentarlle ao resto da clase o seu programa electoral para resolvelas, así como outras propostas de mellora do colexio.

Despois, cada grupo elaborará papeletas coas súas candidaturas. Celebraranse as eleccións, usando como urnas caixas de cartón, e todos os alumnos e as alumnas votarán. O grupo máis votado constituirá o concello. As concelleiras e os concelleiros electos elixirán a alcaldesa ou o alcalde votándoo por maioría absoluta. Se esta maioría non se alcanza, será

nomeado alcalde ou alcaldesa o candidato ou a candidata que encabece a lista máis votada.


- **O teléfono escachizado.** Os estudantes forman varios grupos e cada grupo forma unha fila. A primeira persoa da fila transmítelle unha mensaxe á segunda en voz baixa. A segunda persoa transmítelle a mensaxe á terceira, e así sucesivamente ata chegar á última, que dirá a mensaxe en voz alta. Se a mensaxe é correcta, a primeira persoa pasa ao final da fila e a segunda repite o xogo.
- **Facemos parellas.** Prepare 20 cartas con 10 pares de imaxes sobre medios de comunicación: televisor, radio, revistas, xornais, móbil, carta, correo electrónico, Internet, cine e teléfono fixo. Coloque as cartas boca abaixo sobre unha mesa. O primeiro estudante levanta dúas cartas. Se son iguais, queda con elas e, se non, vólveas poñer boca abaixo na mesa. O seguinte xogador levanta outras dúas cartas, tratando de unir as parellas, e así sucesivamente, ata que todas queden emparelladas correctamente. Gaña o xogador con máis parellas correctas.
- **Dominó de fenómenos atmosféricos.** Prepare sete fichas de dominó con fenómenos atmosféricos: arco da vella, chuva, neve, sarabia, brisa, furacán e lóstrego. Realice un debuxo sinxelo do fenómeno na parte esquerda de cada ficha e escriba o nome do fenómeno na parte dereita evitando que coincidan o debuxo e o termo que lle corresponde nunha mesma ficha. Despois, propóñalles que xoguen con el. O equipo que gañe, para consolidar a vitoria, terá que definir dous dos fenómenos atmosféricos incluídos nas fichas con que xogasen.
- **Bingo dos meses do ano.** Prepare tarxetas similares ás do bingo e en cada unha escriba o nome de catro meses do ano. Anote os meses do ano en doce papeis, introdúzaos nunha bolsa e empece o xogo sacando os papeis un e un. Gañará o alumno ou a alumna que consiga bingo en menos tempo. Quen cante bingo, para consolidar a vitoria, terá que nomear os meses do ano en orde.
- **O reloxo humano.** Organice un concurso por grupos. Un dos grupos diralle a un dos seus membros unha hora, sen que a escoite o resto da clase, e este deberá indicala cos movementos dos seus brazos para que os outros grupos digan de cal se trata. O grupo que contesta e falla perde a vez.

Actividades colectivas

- **Fabricar xoguetes con materiais reciclados.** Propóñalles que fabriquen un xoguete usando materiais reciclados (cartón, papel, botellas de plástico, cartóns de leite ou de zume, farrapos, la...). Poden facer calquera xoguete: un coche, unha boneca, un pequeno fútbolín, unha caixiña para recordos, unha pelota..., para utilizalos eles mesmos ou para regalalos.

- **O río fala coa montaña.** Pídalles aos estudantes que inventen e poñan en escena un diálogo entre un río e unha montaña. O río preguntarlle á montaña onde está (preto da costa ou no interior); se é alta ou baixa; se con ela viven plantas, animais ou persoas; se chove ou neva moito enriba dela; como se sente cando lle chegan residuos das fábricas... Despois, a montaña preguntarlle ao río onde nace; se é largo ou estreito; se é curto ou longo; cara a onde se move; se con el viven persoas, plantas ou animais; se lle gusta máis que chova ou que non e por que; como se sente cando as persoas que van de excursión tiran residuos ás súas augas... Este diálogo podería repetirse cun acantilado e unha praia, cunha montaña e un val, cun cabo e un golfo...
- **Palabras que riman.** Os estudantes deben inventar pareados sinxelos sobre os elementos físicos analizados na unidade, por exemplo: «Por moito que o intente, só son un afluente», «Descender por ese río foi todo un desafío». As frases deben ter sentido.
- **Crear un museo na clase.** Pídalles aos alumnos e ás alumnas que traian algún obxecto moi antigo. Entre toda a clase ordenaranos segundo a súa antigüidade e tratarán de identificar o seu nome e o seu uso. Despois, expoñerán os obxectos na aula e unha tarxeta co seu nome e o do obxecto actual ao que equivalen. A actividade pode completarse cunha presentación oral de cada obxecto.
- **Disfrazámonos.** Amóselles aos estudantes imaxes de como vestían na época das covas, dos romanos, dos castelos e das fábricas. Divídaos en catro grupos para que cada un cree disfraces dunha destas etapas e, unha vez realizados, lle explique ao resto da clase o que sabe da etapa que lle tocou ao grupo.
- **Construímos o noso castelo.** Ensine imaxes de castelos e propóñalles aos estudantes que, en grupos, constrúan o seu propio castelo con cartón, cartolina, etc. Tamén poden deseñar e realizar unha bandeira coas cores e cos símbolos que lles parezan adecuados e colocala no seu castelo como facían os nobres medievais.
- **Pintamos coma na época das covas.** Móstralles aos nenos e ás nenas imaxes de pinturas prehistóricas do Paleolítico e propóñalles que coñezan o interior dunha cova da Prehistoria realizando unha visita virtual á cova de Lascaux, Francia (<http://archeologie.culture.fr/lascaux/>), que contén numerosas pinturas paleolíticas. Despois, indíquelles que, usando só dúas cores, vermello e negro, pinten sobre un papel e cos dedos un animal ao estilo da Prehistoria.

SUXESTIÓNS SOBRE O MATERIAL DA AULA



El material de aula del Proyecto Saber Hacer es un conjunto de recursos que permiten al profesorado enriquecer los procesos didácticos. Se trata de propuestas innovadoras, orientadas a mejorar las habilidades de los estudiantes para el trabajo en equipo y sus actitudes de colaboración y responsabilidad individual y colectiva.

Para ampliar las posibilidades del material de aula, esta guía contiene sugerencias de utilización e información sobre los elementos curriculares implicados.



¿Cuáles son las características del material de aula?

- **Proporciona recursos prácticos**, adaptados a la realidad del aula, sencillos y útiles.
- **Está compuesto por materiales variados y ricos** para permitir diversas opciones y niveles de explotación, adecuados a cada realidad educativa.
- **Se ha elaborado atendiendo a objetivos claros** y apropiados a los niveles a los que se dirige.
- **Proporciona soporte y contexto para la reflexión** y la práctica de los aprendizajes.

¿Existe relación entre el material de aula y el tratamiento de las competencias clave?

El tratamiento de las competencias clave se manifiesta especialmente en actividades con una marcada carga de sociabilidad.

El material de aula pone el acento en los siguientes aspectos:

- Ofrecer contextos en los que el alumnado pueda poner en juego un gran número de tareas relacionadas con sus aprendizajes.
- Estimular las habilidades, los conocimientos, los valores, las actitudes y las emociones, y otros componentes sociales y de comportamiento, orientados a fines.
- Afianzar y relacionar los conocimientos adquiridos a través de la participación activa en prácticas sociales.

FLASHCARDS Y TARJETAS

Estos materiales están formados por los siguientes elementos:

- **18 flashcards** para recortar con secuencias temporales de tres momentos (planteamiento, nudo y desenlace) y con reversos de diferentes colores.
- **48 tarjetas** para recortar personajes, objetos, animales y plantas.



Objetivos de las actividades que se realizan con las flashcards y las tarjetas

- Mejorar el lenguaje oral y ampliar el vocabulario.
- Adquirir rutinas de planificación y elaboración de textos orales y escritos.
- Avanzar en la socialización y en el desarrollo de habilidades para el trabajo cooperativo.

Propuestas de juego

A. Cuentacuentos

Actividades de nivel básico

1. Se colocan las *flashcards* en montoncitos bocabajo, organizadas por colores.
2. También se colocan bocabajo las tarjetas, en tres grupos: un montón de tarjetas de personajes, otro de objetos y otro de animales y plantas.
3. Se elige a un alumno o alumna, que lanza el dado. Luego, deberá contar, empezando por el montón de su izquierda, tantos montones como el número que ha obtenido. Y cogerá las tres *flashcards* del montón correspondiente.
4. El estudiante elegirá después cuatro tarjetas: dos del montón de personajes y una

de cada uno de los otros dos montones (si se desea simplificar el desarrollo del juego, se puede pedir al alumno que elija menos tarjetas).

5. El estudiante describirá las tarjetas.
6. Con todos los elementos que ha obtenido, el alumno comenzará una historia, que deberá completar el resto de la clase.
7. El docente anotará los datos importantes para redactar posteriormente el cuento.

Actividades de nivel avanzado

1. Se colocan las *flashcards* y las tarjetas como se indica anteriormente.
2. Un alumno o una alumna lanza dos veces el dado y, en cada lanzamiento, cogerá una sola *flashcard* de un montón. También elegirá una, dos o tres tarjetas.
3. Como en el nivel anterior, describirá los elementos en voz alta para la clase.
4. El ejercicio será el mismo que se ha indicado para el nivel básico, pero, en este caso, los estudiantes deben conseguir integrar escenarios diferentes y las tarjetas en una única historia que tenga coherencia.

Variaciones en las actividades

- **Proponer un orden diferente para las *flashcards*.** En lugar de confeccionar la historia sobre las tres escenas en el orden en el que se ofrecen, plantear cambios que obliguen a los alumnos a crear historias que alteren el orden temporal previo.
- **Crear historias en pequeños grupos.** Los estudiantes se distribuyen por grupos de cuatro. Un alumno o alumna de cada grupo elige las *flashcards* y las tarjetas. Luego, se sienta junto a sus compañeros y desarrollan juntos la historia sobre los elementos que le han correspondido. Finalmente, un portavoz de cada grupo cuenta la historia al resto.

B. Adivinanzas

1. Se barajan juntas las tarjetas de personajes, objetos, animales y plantas, y se colocan boca abajo sobre una mesa.
2. Se pide a un voluntario que salga y elija una tarjeta sin enseñarla a nadie.
3. El resto hace preguntas a las que solo puede contestar con sí o no, hasta que los demás consiguen adivinar qué elemento es el que hay en la tarjeta.

Aspectos para la valoración de las actividades

- La claridad en las descripciones y el uso del vocabulario adecuado.
- El orden en la descripción de la secuencia temporal que representan las *flashcards*.
- La coherencia y el orden en el relato de la historia creada y el establecimiento de relaciones entre los diferentes elementos sobre los que se ha elaborado el cuento.
- La pertinencia de las preguntas para adivinar el contenido de las tarjetas.
- El respeto por el turno de palabra y la escucha atenta de las intervenciones de los compañeros y compañeras.



Se trata de un libro cuyas páginas y cubiertas están en blanco. Está pensado para que se recojan en él textos e imágenes creados por los alumnos y alumnas.

El libro blanco se puede convertir también en un vehículo de participación e implicación de las familias en el trabajo del aula.

Objetivos de las actividades que se realizan con el libro blanco

Aspectos para la valoración de las actividades

- Mejorar el lenguaje oral.
- Mejorar el lenguaje escrito.
- Adquirir rutinas de planificación y elaboración de textos orales y escritos.
- Desarrollar la creatividad.
- Desarrollar las habilidades relacionadas con la interpretación y la creación textual e iconográfica.
- Establecer cauces de participación con las familias de las alumnas y los alumnos.
- Avanzar en la socialización y en el desarrollo de habilidades para el trabajo cooperativo.

Propuestas de actividades con el libro blanco

Existen varias propuestas de utilización del libro blanco. Algunas de ellas son:




A. El álbum de la clase

Consiste en elaborar un libro-álbum en el que se recojan acontecimientos, fiestas, celebraciones, salidas, etc., del curso.

Se incluirían textos, imágenes y otros elementos para realizar una memoria del curso: relatos, dibujos, fotografías, entradas, folletos, hojitas prensadas o flores, etc.

Es importante que los niños y niñas entiendan que deben documentar bien cada elemento que se incluye en el libro, escribiendo encabezamientos, titulares, pies de foto, fechas o anécdotas que ocurrieron.



B. El periódico

Se trata de elaborar un periódico que recoja cuestiones concretas relacionadas con el colegio, las actividades y la vida diaria.

Se le daría forma de periódico y podría dar cuenta de la actividad en el aula durante un mes, por ejemplo, o el reportaje específico de una actividad extraescolar.

La diferencia con el álbum de la clase sería que el primero tendría como objetivo hacer una memoria completa del curso, y el periódico solo ofrecería noticias que se producen en un tiempo determinado o sobre una actividad concreta.

C. El libro de cuentos

Se pueden realizar dos modelos en esta opción: un libro compuesto por varios cuentos o una única historia dividida en capítulos.

Libro de varios cuentos

Se decide colectivamente cuántos cuentos se incluirán y, luego, se divide el libro en secciones de un número de páginas determinado.

El origen de los cuentos puede ser diverso: historias conocidas por los niños y niñas, historias aportadas por las familias o historias creadas a partir de las *flashcards* y las tarjetas. Esta última modalidad permite implicar a las familias en la creación, escritura e ilustración de las historias.

Para planificar la elaboración del cuento a partir de las *flashcards* y las tarjetas se puede proceder del siguiente modo:

- Se establecen turnos para que cada alumno o alumna se lleve a casa un juego de *flashcards*, unas tarjetas y el libro blanco.
- El estudiante y su familia construirán una historia que contendrá todos esos elementos.
- La historia creada se recogerá en dos páginas del libro, incluyendo textos y dibujos.
- El alumno o alumna llevará el libro a clase, mostrará su aportación y contará la historia a sus compañeros.

Una historia continuada

El libro blanco es un instrumento magnífico para la socialización y la integración de los alumnos en el grupo. Al elaborar una historia larga, todos deben aportar ideas, sugerencias y trabajo. De este modo, cada niño de la clase contemplará el libro como algo propio.

Para crear una historia continuada, se debería elaborar un esquema previo del argumento y un resumen de los capítulos o partes en los que dicha historia se dividirá. La escritura del texto definitivo y la ilustración se puede realizar en clase o se puede encargar a las familias, siguiendo el esquema o guion que se ha establecido previamente.

Aspectos para la valoración de las actividades

- La claridad en las descripciones y el uso del vocabulario adecuado.
- La coherencia y el orden en el relato y el establecimiento de relaciones entre los diferentes elementos sobre los que se ha elaborado el cuento.
- La participación en los grupos de trabajo, mostrando responsabilidad en las propias tareas, actitudes de colaboración y ayuda hacia los demás, y respeto por el trabajo de todos los miembros del equipo.
- El respeto por el turno de palabra, la escucha atenta de las intervenciones de los compañeros y la pertinencia de las propias intervenciones.

JUEGOS DE ORTOGRAFÍA

Los juegos de ortografía que se proponen se llevan a cabo utilizando los siguientes materiales:

- **Cuaderno con tarjetas de palabras** que recogen los principales contenidos de ortografía de 2.º.
- **Tablero de juego** basado en el cuento *El zapatero y los duendes*.

El contenido ortográfico de las tarjetas de palabras y su relación con la programación de segundo curso se resume en la siguiente tabla.



	USO DE MAYÚSCULA	C/Q	C/Z	G	J	R/RR	ILLO/ILLA	MP/MB	BR/BL	Z/D
USO DE MAYÚSCULA	Cristina	Cayetana	Zamora	Guadalajara	Javier	Rodrigo	Sevilla	Colombia	Brasil	Ruiz
C/Q	Enrique	esquina	cazadora	cigüeña	quejica	carraca	casquillo	empaquetado	cobra	césped
C/Z	Cecilia	zoquete	lanza	gacela	juicio	cierre	zapatilla	empezado	abrazo	Navidad
G	Guillermo	cogedor	ciego	gigante	aguja	gorrión	gargantilla	gamberro	abrigo	sed
J	Japón	ceja	juicio	pegajosa	esponja	jarrón	amarillo	empujón	brebaje	juez
R/RR	Marruecos	raqueta	zorro	enrollada	jarro	carrera	rodilla	sombrero	redoble	avestruz
ILLO/ILLA	Sotillo	quesadilla	cerilla	guindilla	ajillo	rodilla	cepillo	campanilla	alfombrilla	verdad
MP/MB	Pamplona	campana	limpieza	gamba	enjambre	rombo	bombilla	pompón	hombro	ciudad
BR/BL	Sanabria	blanquear	brazo	Gabriel	embrujada	roble	sombrilla	temblor	bloque	suciedad
Z/D	David	ciudad	nuez	pez	luz	perdiz	lápiz	altavoz	actriz	paz

Objetivos de los juegos de ortografía

- Mejorar el lenguaje escrito.
- Desarrollar habilidades para comparar, ordenar, agrupar, discriminar y clasificar palabras siguiendo criterios ortográficos.
- Practicar las habilidades sociales y el respeto a las normas establecidas entre iguales.

Propuestas de juegos de ortografía

A. Juego ortográfico con el tablero

Antes de comenzar el juego, es conveniente hacer un resumen del cuento que sirve de escenario al tablero.

El argumento de la historia es el siguiente:

Había una vez un zapatero pobre y bondadoso. El hombre hacía unos zapatos preciosos, pero no tenía muchos clientes.

Una noche, el zapatero anunció a su esposa:

—Esta es la única piel que nos queda. Mañana haré con ella unos zapatos maravillosos. Si consigo venderlos, podremos mantener la zapatería abierta. Si no, tendremos que cerrar.

El hombre dejó con cuidado la piel sobre el banco de trabajo y se marchó a dormir.

Pero, durante la noche, ocurrió algo sorprendente: dos duendecillos se colaron en el taller y confeccionaron un par de zapatos maravillosos.

Cuando el sol comenzó a salir, los misteriosos personajes desaparecieron por una rendija.

El zapatero, al ver aquellos zapatos tan espléndidos, se quedó muy sorprendido y los colocó en el escaparate. De inmediato, un rico caballero entró a la tienda y los compró.

Con el dinero que había conseguido, el zapatero adquirió más pieles y pudo mantener su taller abierto.

Antes de irse a dormir, el zapatero colocó de nuevo las pieles sobre el banco del taller.

Igual que la noche anterior, los duendecillos entraron y confeccionaron unos zapatos preciosos que, al día siguiente, se vendieron a muy buen precio.

Pasados varios días, el zapatero y su mujer decidieron esconderse para ver quién era el artista que hacía aquellos zapatos extraordinarios.



Cuando el taller se quedó a oscuras, los dos vieron con sorpresa entrar a los duendecillos y comprobaron cómo trabajaban con primor, hasta terminar unos zapatos aún más bellos que los anteriores.

Por la mañana, la mujer del zapatero anunció a su esposo:

—Estos duendecitos nos están haciendo un gran favor. Me he fijado en que sus ropas están rotas y sucias y voy a hacer para ellos unos trajes estupendos. Así les agradecemos lo que están haciendo por nosotros. Esta noche se los dejaré en el banco de trabajo.

Y dicho y hecho.

Por la noche, los duendes llegaron y vieron sus trajes nuevos. Encantados, se vistieron y salieron a toda prisa dando saltos y volteretas.


Los duendes nunca más volvieron al taller del zapatero, pero el hombre y su mujer pudieron continuar con su tienda y se hicieron muy famosos por la calidad del calzado que confeccionaban.

Desarrollo del juego

1. Una vez que los niños y niñas conocen el cuento, coloque el tablero sobre una mesa y pida cuatro voluntarios para jugar. Después, anímelos a que identifiquen en el tablero la secuencia de imágenes que refleja el argumento del cuento.
2. Ponga las tarjetas de palabras bocabajo, en los espacios correspondientes, y una ficha por cada jugador en la casilla de salida.
3. Los participantes lanzan el dado para saber quién comienza. Empezará quien obtenga la puntuación más alta.
